

DECÁLOGO DA SEGURIDADE NA CAZA

1. Coidar a arma, manténdoa en bo estado, comprobando os posibles desaxustes, desgastes, folguras, limpeza, etc.
2. Respectar as normas de seguridade establecidas na lexislación vixente e as acordadas pola cuadrilla de caza.
3. As instrucións do xefe de cuadrilla deben ser atendidas en todo momento.
4. De camiño ó monte ou ó posto, levar a arma descargada. Non quitar o seguro ata asegurarse de se vai a disparar sobre unha peza de caza totalmente identificada.
5. Descargar a arma cando se crucen regatos, se salten valados, paredes, ou camiñemos por carreiros con risco de resbalar ou caer, etc.
6. Nunca encarar nin apuntar sobre algo que non vexamos claramente que é unha peza cazable, aínda que a arma estea no seguro.
7. Nunca disparar sobre vultos ou algo que se mova no monte; esperar a identificar ben de qué se trata. As precipitacións non son compatibles coa caza segura.
8. Asegurarse de que o disparo que fagamos non vaia en dirección a outros postos ou á zona de monteadores. Asegurarse de que si fallamos, o tiro se espete na terra e non saia por enriba da liña de monte. Coidado cos rebotes.
9. Utilizar chalecos ou prendas con cores vivos aumenta a nosa visibilidade, proporciona seguridade e incide escasamente na saída das pezas.
10. A seguridade empeza por un mesmo, por facerse ver, ser responsable, paciente e precavido. Todas as precaucións son poucas.

CAZA SEGURO

PARA CAZAR BEN

Os cazadores sabemos que tódalas precaucións que se tomen á hora de cazar son poucas para manter a seguridade. Por eso temos que ser responsables tanto no cumprimento das normas de seguridade establecidas na lexislación vixente como na adopción de medidas individuais e colectivas para evitar que se produzan accidentes e non votar por terra esa ilusión coa que iniciamos as xornadas de caza cada temporada.

A maioría de accidentes que se producen na actividade cinexética teñen lugar durante a acción de cazar, ben en solitario e con maior frecuencia e máis posibilidades nos ganchos e monterías de caza maior; de aí qu especialmente nestas accións cando máis temos que extremar as precaucións e cumprir coas normas de SEGURIDADE.

A SEGURIDADE NA CAZA empeza por un mesmo e depende, en gran medida das precaucións que cada un tome. Por iso compre recordalas:

- ▶ Debemos ter as armas en bo estado e ben coidadas, e asegurarnos de descargarlas antes de manipulalas.
- ▶ Respetar as normas de seguridade establecidas (*zonas de seguridade, respecto ós demais, acatar as normas para ganchos,*).
- ▶ Descargar a arma cando teñamos que saltar un valado ou parede; atravesar un regato; etc
- ▶ Tanto de camiño ó posto como de volta debemos levar a arma descargada.
- ▶ Si as circunstancias así o aconsellan podería ser de utilidade unha sinalización temporal nos accesos a zona onde se vai facer un gancho ou montería informando da cacería.
- ▶ Comprobar antes de nada a situación dos compañeiros para poder delimitar o campo de acción dos disparos de forma que non se dirixan hacia onde están colocados.
- ▶ Disparar sempre hacia o chan, de forma que, no caso de fallar, o tiro se espete na terra e non saia rebotado ou por enriba da liña do monte. É mellor que escape unha peza a ter que lamentarnos despois dun accidente.

- ▶ Valorar o terreo e non disparar sobre pezas que saian en cambios de rasante.
- ▶ Debemos ser precavidos cos movementos de monte, pode sorprendernos un can, un compañeiro ou un transeúnte saíndo polo carreiro onde esperamos unha peza. **NUNCA DISPARAR SOBRE O MONTE QUE SE MOVE.**
- ▶ Debemos manter o seguro posto ata o momento de ver ben a peza de caza a que poidamos dispararlle. Non importa que escape.
- ▶ Antes de disparar débese ter a seguridade de que a peza pode ser abatida, que a teñamos totalmente indentificada e que poidamos dispararlle sen risco para ninguén.
- ▶ Debemos indicar sempre a posición que ocupemos no monte, ben sexa por contacto visual ou a través dunha emisora.
- ▶ O uso de chalecos ou prendas de cor vivo, tanto nos postos de caza maior, como monteando e aínda na caza menor aumentan a nosa visibilidade.
- ▶ Os animais non teñen a visión tan perfecta como os humanos. Perciben mais o movemento que as cores. Así estar quietos axuda a cazar e a mellorar a seguridade.
- ▶ Deixar cumprir as reses ós postos e non disparar sobre elas cando se dirixan ó do veciño.
- ▶ Unha vez rematada a cacería, as armas deben descargarse.
- ▶ Dirixir os caños das armas ben ó chan ou ó ceo tanto cando as carguemos como cando as descarguemos.
- ▶ Nos descansos para os almozos conxuntos no monte, as armas deben estar descargadas, nas súas correspondentes fundas e non sacalas para ningunha outra práctica. As probas de tiro deben deixarse para outros momentos e lugares.